



---

(A CORUÑA)

**BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO CONCURSO DE DEBUXO DA  
MANCOMUNIDADE DE ORDES “ESTA SEMANA DEBUXAMOS TODOS/AS”**

**I. OBXECTO**

É obxecto destas bases regular a convocatoria do concurso infantil de debuxo promovido durante o Estado de Alarma por mor do confinamento a causa do Covid-19

**II. PARTICIPANTES E CATEGORÍAS**

Pode participar neste concurso calquera rapaz e rapaza que o desexe, contando coa autorización paterno, que serán as persoas responsables de enviar os traballos dos/as seus/súas fillos/as.

As categorías serán as seguintes:

- Infantil
- Primaria
- Secundaria

**III. PREMIOS**

1º PREMIO, 2º PREMIO E 3º PREMIO: Lote de materiais de debuxo de acordo con cada categoría

**IV. FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DOS TRABALLOS**

-Para entregar os traballos hai que subir unha foto en formato HORIZONTAL do debuxo no seguinte enlace:

<https://drive.google.com/open?id=1SmFaWz20F1cOAAkz5acatdafKk7aF0fA>

(Hai que darlle a engadir dende o enlace e xa se sobe a foto).

-Os traballos entregaranse dende o luns 23 de marzo ata o luns 30 de marzo ás 20 h.

**V. CARACTERÍSTICAS DOS DEBUXOS**

Os debuxos poderán ser realizados en papel ou lenzo, con material e técnica libres, manual, mecánica ou dixital, sempre que sexan orixinais. O tema ou motivo do debuxo estará relacionado co coronavirus e será libre.

Os debuxos deben ser inéditos e orixinais e valorarase especialmente o impacto visual e a creatividade.



(A CORUÑA)

Quedarán descualificadas automaticamente aquelas obras nas que aparezan imaxes procedentes de internet, protexidas por dereitos de autor, así como aquelas obras nas que se aprecie o menor indicio de plaxio.

**VI. XURADO**

Actuará de xurado un grupo de profesionais de diferentes disciplinas (arte, cultura etc) designado para tal efecto pola Mancomunidad de Ordes e as súas decisións serán inapelables.

**VII. DEBUXOS GAÑADORES**

Por cada unha das tres categorías entregaranse tres premios, que serán dados a coñecer a través das redes sociais e comunicados aos gañadores por teléfono/correo electrónico.

**VIII. ENTREGA DE PREMIOS**

A entrega de premios estará condicionada polas actuais circunstancias de illamento e será comunicada no seu momento.

**DISPOSICIÓN FINAL**

A participación neste concurso supón o coñecemento do contido das presentes bases e a súa aceptación expresa, sen ningunha reserva.

As obras presentadas ao concurso pasarán a ser propiedade da Mancomunidad de Ordes e os/as seus/súas autores/as ceden todos os dereitos sobre o seu uso á Mancomunidad de Ordes, que poderá utilizalos para calquera soporte gráfico, internet etc.

Será responsabilidade dos/as participantes calquera reclamación que poida producirse en relación coa autoría das obras e o seu posible plaxio, eximindo de toda responsabilidade á Mancomunidad de Ordes.

Ordes, a 22 de marzo de 2020

A presidenta,

Susana García Gómez